

opusdei.org

"O sacerdote é un superconductor que comunica a graza de Deus sen perdas"

Ordénase en Torreciudad o enxeñeiro industrial vigués Diego Pérez Gondar, profesor da Escola de Enxeñeiros de Vigo e do colexio Montecastelo.

07-09-2009

Non estaba nos plans de Diego Pérez Gondar ordenarse sacerdote, pero si nos de Deus. A vida deste enxeñeiro, membro do Opus Dei, discorría entre

o ensino universitario e a atención a novos da Asociación Albeiro de Vigo, cando decidiu estudar teoloxía en Pamplona. O pasado 6 de setembro, foi ordenado sacerdote no Santuario de Torreciudad (Huesca) polo Prelado do Opus Dei, monseñor Javier Echevarría.

Tras a cerimonia, á que asistiron familiares, amigos e ex-alumnos de Diego (parte deles nun autobús do colexio Montecastelo), o seu avó Juan, de 92 anos dixo que " *nunca soñei con ter un neto sacerdote, pero estou moi orgulloso de telo* ", e a súa avoa Parisina sentiuse moi emocionada sobre todo " *pensando no recibido polo meu neto, que é o máis grande*". **¿Que recordos ten da súa non tan afastada época de docencia na Universidade e no colexio?**

Paseimo en grande nos laboratorios da Escola de Enxeñeiros,

automatizando bancos de probas e facendo ensaios cos alumnos, por exemplo no túnel de vento. O último curso no colexio, antes de ir á universidade, é un momento moi interesante da vida da xente nova. Gocei moito con esa xente tan estupenda que tiveron nas miñas clases, ensinando, esixindo, animando e aprendendo.

¿Como coñeceu o Opus Dei?

Coñecín a Obra na miña Parroquia (San Pablo en Vigo) grazas ao párroco, Daniel Bermúdez e empecei a ir á Asociación Albeiro (na que hai un Club xuvenil do Opus Dei) cun compañeiro de clase no Instituto que xa ía por alí. Alí descubrín un mundo de respostas ás miñas inquietudes humanas e sobrenaturais.

¿Que o moveu a ordenarse sacerdote?

Non estaba nos meus plans, pero Deus fíxome entender que ese era o seu plan. Isto xurdiu da oración frecuente, xa que coido -dende hai anos- dedicar diariamente dous anacos de media hora a falar con Deus. Tamén influíu moito a vida exemplar de moitos sacerdotes que se cruzaron na miña vida. Curas que se pasan horas no confesonario e que están moi entregados, como o Santo Cura de Ars, que a Igrexa pon como referencia neste ano sacerdotal.

Pero ¿vostede xa era do Opus Dei antes de ordenarse?

Efectivamente, non se entendería nada do paso que dei se non se comprende que o radical foi a miña decisión de ser da Obra en 1991. Dende ese ano procurei loitar por vivir a tope a vocación cristiá á santidad. A ordenación que acabo de recibir é unha nova concreción do

plan de Deus para min. Non é un cambio de camiño.

¿Fan falta sacerdotes na Igrexa e en concreto en Galicia?

Supoño que si e moi santos. En xeral, na Igrexa, penso que Deus manda sacerdotes en función das necesidades dos fieis. Se os fieis dan pouco traballo, enviará poucos. Pero, non podemos esquecer que ao mesmo tempo, a situación dos fieis depende, en boa medida, de como estean os sacerdotes. Como é un don de Deus o sacerdocio, estou convencido de que á Igrexa nunca lle faltarán sacerdotes, aínda que, por outro lado, hai que poñer os medios para que os que sexan chamados por Deus poidan dicir que si, e estean ben preparados.

¿Que perfil debe ter o sacerdote no século XXI?

Contéstolle como a min me axudaron a prepararme: con cultura e formación, que sexan normais, xente con virtudes e moi piadosos.

¿Son rendibles para a sociedade os sacerdotes?

Home eu opino que si. Pola formación que recibiu, pode axudar moito aos seus irmáns, que se atopan un pouco desconectados de Deus. Na carreira estudei moito os supercondutores, que son materiais con propiedades para transmitir sen que haxa perdas. Pois isto é o que ten que ser o sacerdote: un superconductor que comunica a graza de Deus sen perdas. Neste sentido o sacerdote, é a persoa designada por Deus para reconectar a muller e o home con Deus. Isto farao mellor se é fiel ao Maxisterio da Igrexa, se obedece ao que esta dispón.

**Antes aludía ao cura de Ars que
agora a Igrexa o conmemora
¿Suxírelle algo esta coincidencia?**

Dáme moita alegría pero como di
vostede é pura coincidencia ou
mellor dito, é pura providencia
divina. Axúdame moito pensar na
figura deste gran santo e espero que
me axude a ser un bo confesor, como
o era el, que pasaba moitas horas
sentado no confesonario. Aínda que,
o modelo de sacerdote que intentarei
seguir é o de San Josemaría, o
fundador do Opus Dei.

¿Onde exercerá o seu ministerio?

En Vigo e respecto ao meu futuro
afastado dígolle a verdade, dáme
igual. Teño claro que se da miña
ordenación dependese que unha
alma atormentada se convertese e se
confesase..., xa pagaría a pena todo.

**Perdón pola pregunta, ¿vivirá
como un cura?**

Eu nacín no 74 e polo tanto non sei que significa esa expresión.

Intentarei vivir servindo ás mulleres e homes que pidan a miña asistencia.

E con isto non creo que me sobre

tempo. Ademais son consciente que debo seguir estudando e

formándome, porque a Verdade hai que sabela transmitir de maneira

que se entenda. De feito, o único que sei facer ben é estudar, porque o levo

facendo toda a vida. O estudio é

fundamental para un sacerdote nos tempos que corren.

¿Que nos ensinan algúns

comportamentos escandalosos que

saen á luz ás veces dentro da Igrexa?

Penso que o pobo, como dixeran antes,

necesita sacerdotes santos. O

sacerdocio non é un estatus social

nin un posto de funcionario: unha

persoa que cumpre un servizo con

horarios, porque ninguén o reclama

máis que iso. Os cristiáns laicos

teñen que facerlles traballar, porque para iso nos ordenamos. Por outra banda, só deben chegar a el os que sexan chamados e se prepararan ben. Sen esquecer tampouco que a Igrexa é de Deus, pero está formada por pecadores. Por iso eu confésome todas as semanas.

¿Como reaccionaron a súa familia, amigos e colegas?

Difícil sabelo: son case todos galegos... Loxicamente todos se alegraron moito. Cando llo comuniquei á miña avoa, bendiciume coa man e díxome que era a maior alegría de toda a súa vida. Cos amigos, houbo algúns que se sorprenderon ao principio , e outros dixéronme que tirara pola borda toda a miña formación profesional de tantos anos e tan valiosa. Pero, ao ser amigos, alegráronse moito.

.....

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/o-sacerdote-e-un-
supercondutor-que-comunica-a-graza-
de-deus-sen-perdas/](https://opusdei.org/gl-es/article/o-sacerdote-e-un-supercondutor-que-comunica-a-graza-de-deus-sen-perdas/) (22-02-2026)